

# PLAN DIXITAL

## IES Escolas Proval

[Versión 1.0\_ xuño 2022]



# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: IES Escolas Proval

Enderezo: Avda. Portugal, 171, Nigrán (Pontevedra)

Teléfono: 886 11 03 69

Correo electrónico: ies.escolas.proval@edu.xunta.gal

Páxina Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesescolasproval/>

REDES SOCIAIS:

<https://www.facebook.com/iesescolasprovalnigran>

<https://www.instagram.com/iesescolasproval>

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *Situación socioeconómica*  
*Nigrán é un municipio que forma parte da comarca de Vigo e que está integrado na súa área metropolitana, no sur da provincia de Pontevedra. Pertence á comarca do Val Miñor, que conforman os concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán. O instituto sitúase no centro do Val Miñor, nun edificio singular de grande valor histórico.*  
*É esta unha comarca que nos últimos anos se caracterizou por unha evolución demográfica en crecemento e unha densidade de poboación alta, o que parece indicar a existencia dun movemento migratorio cara a Nigrán de habitantes procedentes, sobre todo, das áreas urbanas próximas que converteron o Val Miñor na súa nova residencia, debido seguramente ás características da súa contorna natural e á súa proximidade á súa área de servizos, a un paso de Vigo.*
- *Tipoloxía escolar*  
*No referente ás características socioculturais do alumnado do Centro, o seu medio ambiente social e económico é absolutamente variado, distinguíndose dúas procedencias básicas: a propia vila de Nigrán e zonas rurais adxacentes pertencentes ao concello (San Pedro da Ramallosa ou Vilariño) ou dos concellos de Gondomar (Couso, Borreiros, Morgadáns) e de Baiona (Sabarís). Xunto a estes, outro número minoritario de alumnado procedería doutros concellos limítrofes ao Val Miñor como Vigo ou Tomiño.*
- *En canto ás actividades económicas das familias, a maioría delas traballa, na produción de compoñentes de automoción para Borgwarner Emissions Systems en Vincios ou GKN Drive Line e Stellantis en Vigo, así como tamén no sector servizos, principalmente nos bares, restaurantes e hoteis da zona e para o sector terciario, fundamentalmente dedicándose á gandería, agricultura e pesca. Pero con respecto a isto debemos salientar que en menor medida os pais, nais ou titores legais da outra parte do noso alumnado exercen outras profesións encadradas no sector terciario como docentes, enfermeiras...*

- *Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23*  
*A contribución do presente PD á PXA significa a consolidación do propio proxecto así como a mellora do centro. Se temos, ademais, en conta os distintos aspectos que se recollen no plan de acción, este axudará a potenciar o funcionamento doutros proxectos, así como apoio ao alumnado e ao claustro, non só no proceso de ensino-aprendizaxe senón tamén na detección das necesidades de formación. Con todo o anterior, estarase tamén a fomentar a participación en grupos de traballo e/ou doutros grupos distintos á comunidade educativa e que poden axudar tamén á mellora do centro.*

### **1.3. Breve xustificación do mesmo**

*A esixencia de dotar os centros educativos dun Plan Dixital de Centro establécese como obxectivo prioritario dentro da Estratexia Galega de Educación Dixital 2030 para a implantación nos centros docentes dun ecosistema educativo dixital de alto rendemento, en aplicación do marco europeo elaborado polo Centro Común de Investigación (Joint Research Centre, JRC) da Comisión Europea que establece, en primeiro lugar, o espazo e as referencias comúns para o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa (profesorado -DigCompEdu- e alumnado), do uso das tecnoloxías dixitais na estratexia de ensino-aprendizaxe e a implementación de organizacións educativas dixitalmente competentes (DigCompOrg) que, nunha segunda fase máis xeral e ambiciosa, desenvolva as estratexias que perseguen a competencia dixital para o conxunto da cidadanía (DigComp.2.0).*

*A partir dos obxectivos deseñados no marco común europeo e a lexislación base proporcionada pola Comisión Europea, os países membros trasladan aos seus respectivos sistemas normativos as bases harmonizadas da normativa común, referenciadas á lexislación estatal (Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación) e desenvolvidas nas normas propias das comunidades autónomas con competencias educativas.*

*No contexto descrito, os antecedentes normativos nos que se sustenta a necesidade da redacción deste Plan Dixital de Centro serían, basicamente, os seguintes:*

#### **Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.**

- **Artigo 111, bis:**
- (.....)
- 6. El Ministerio de Educación y Formación Profesional elaborará y revisará, previa consulta a las Comunidades Autónomas, los marcos de referencia de la competencia digital que orienten la formación inicial y permanente del profesorado y faciliten el desarrollo de una cultura digital en los centros y en las aulas.
- 7. Las Administraciones públicas velarán por el acceso de todos los estudiantes a los recursos digitales necesarios, para garantizar el ejercicio del derecho a la educación de todos los niños y niñas en igualdad de condiciones.
- (.....)
- **1.1. Artículo 121. Proyecto educativo:**
- (.....)
- El proyecto educativo del centro recogerá asimismo la estrategia digital del centro, de acuerdo con lo establecido en el artículo 111 bis.5.
- (.....)

- **1.1. Artículo 132. Competencias del director o directora:**
- Son competencias del director o directora:
- (.....)
- c) Ejercer la dirección pedagógica, promover la innovación educativa e impulsar planes para la consecución de los fines del proyecto educativo del centro.
- (.....)
- l) Promover experimentaciones, innovaciones pedagógicas, programas educativos, planes de trabajo, formas de organización, normas de convivencia, ampliación del calendario escolar o del horario lectivo de áreas o materias, de acuerdo con lo recogido en el artículo 120.4.
- m) Fomentar la cualificación y formación del equipo docente, así como la investigación, la experimentación y la innovación educativa en el centro.
- n) Diseñar la planificación y organización docente del centro, recogida en la programación general anual.
- ñ) Cualesquiera otras que le sean encomendadas por la Administración educativa.

**Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.**

#### **Disposición adicional quinta. Plan dixital de centro.**

Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten. Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021/22.

- Disposición adicional terceira. Plan dixital de centro.
- Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

**Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.**

#### **Cuarto. Coordinación do Plan Dixital**

1. O obxectivo final da posta en marcha do Plan Dixital é mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado -tanto individual como colexiada- e da transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes. Para tal fin a dirección, en desenvolvemento da súa autonomía e en función das características e tipoloxía do centro, establecerá un equipo de dinamización do Plan Dixital e nomeará os seus membros.

2. O equipo de dinamización do Plan Dixital estará formado pola persoa titular da dirección do centro, ou membro do equipo de dirección na que delegue, outro membro do claustro que actuará como coordinador e no seu caso as persoas que se designen a tal efecto.

(.....)

4. A persoa coordinadora do equipo de dinamización do Plan Dixital terá as seguintes funcións:
- Colaborar co equipo directivo no deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital
  - Coordinar o equipo de dinamización do Plan Dixital.
  - Dirixir e organizar o proceso de autoavaliación coa ferramenta SELFIE (desde o rexistro na plataforma ata a recollida de resultados e o diálogo dentro da comunidade educativa sobre os mesmos).
  - Asesorar os membros da comunidade educativa no desenvolvemento da ferramenta SELFIE e no deseño do Plan Dixital.
  - Deseñar e redactar, xunto co profesorado participante no equipo, o Plan Dixital.
  - Dinamizar o proceso de transformación dixital - dixitalización do centro educativo.
  - Avaliar os procesos postos en marcha, a súa repercusión e a adaptación das actuacións previstas se fose preciso.
  - Todas as funcións que fosen necesarias para o correcto desenvolvemento do deseño e aplicación do Plan Dixital.
5. Unha vez distribuído o horario de atención directa ao alumnado, a dirección do centro dentro da súa autonomía asignará un horario de dedicación á coordinación e dinamización do Plan Dixital.
6. Ao remate de cada curso escolar, a persoa coordinadora do Plan Dixital recibirá un certificado acreditativo de participación nunha actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 50 horas de formación permanente do profesorado.

## 1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital que presentamos seguíronse os pasos preestablecidos, comezando polas enquisas realizadas polo profesorado (test Selfie e test de Competencias Dixitais Docentes) e alumnado (test Selfie) que serviron para, unha vez analizados os resultados, realizar o DAFO. A análise DAFO determina a estratexia a seguir para a mellora que se concreta no plan de acción, no que quedan recollidas as actuacións previstas para o vindeiro curso. E por último a redacción deste documento que é o Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- A rede do Centro parte dun Rack situado no edificio histórico interconectado con outro no edificio principal desde os que se distribúe o cableado a todas as aulas, departamentos, despachos e talleres existindo un mini-rack por aula en tecnoloxía, aulas/talleres de ciclos formativos, taller de tecnoloxía e biblioteca.  
Para estender a rede sen necesidade de fíos, dispónse de enrutadores en todos os talleres de electrónica e no seu departamento, sala de profesorado, dirección, ximnasio e biblioteca.
- Nas aulas de ESO/ESA/Bacharelato hai un ordenador con proxector en todas as aulas e laboratorios e en nove delas os encerados son dixitais. Nas aulas e talleres de ciclos formativos, ademais do ordenador/proxector por aula, o alumnado dispón dun ordenador para realizar as tarefas de cada módulo.  
Equipos individuais para os seguintes postos: secretaría, xefaturas de estudos (diúrno e nocturno), vicedirección, dirección, orientación e conserxerías (edificio principal e histórico).  
Os portátiles abalar están en desuso e dispoñemos de 37 equipos ultraportátiles para aula móbil (recibidos o curso pasado para afrontar a fenda dixital) pendentes de asignarlles un novo uso.  
O centro dispón dunha aula de informática de dimensións reducidas con once postos de traballo neste momento, máis ampliable a dezaoitto.

A biblioteca conta con dous postos de traballo para a xestión da mesma e oito para uso do alumnado, que serán ampliados con unidades portátiles unha vez remate a reordenación da biblioteca e seguindo as indicacións do equipo de traballo da biblioteca que traballa neste momento para conseguir a implantación do Plambe.

E por último, nos departamentos temos os seguintes postos de traballo:

Ciencias – tres  
Linguas – tres  
Xeografía e Historia / Filosofía - tres  
Lingua galega e normalización – un  
Electrónica e tecnoloxía – tres  
Administrativo - catro

- *Servizos dixitais educativos: O Centro emprega servizos que facilitan a xestión docente (páxina web do centro, aula virtual, espazoAbalar, Abalarmóbil), así como Facebook e Instagram para compartir coa comunidade educativa as diferentes actividades que se promoven desde o Centro.*
- *A Xestión do mantemento do equipamento do centro realízana profesorado con horas asignadas a tal efecto no seu horario, exceptuando as aulas dos Ciclos Formativos de Administrativo nas que o mantemento dos ordenadores o realiza unha empresa externa contratada.*

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

*Autoavaliación SELFIE: Táboa resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa:*

Áreas	Grupos	Ensinanzas		
		ESO	Bacharelato	FP
A -Liderado	Equipo Direct.	4,1	2,1	1,8
	Profesorado	3,3	2,5	2,5
	Alumnado			
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,8	1,1	1,3
	Profesorado	2,6	2	2
	Alumnado	2,7	2,7	2,7
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4	3,3	2,4
	Profesorado	3,1	2,7	2,9
	Alumnado	3	2,6	3,1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,5	2,8	3,3
	Profesorado	3,5	2,9	2,8
	Alumnado			
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,3	3,7	2,6
	Profesorado	3,7	4	3,9
	Alumnado	3,6	3,8	4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,7	2,4	2,3
	Profesorado	3,4	2,9	3,3
	Alumnado	3	2,7	3,3
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,2	2,1	1,3
	Profesorado	2,8	2,5	3
	Alumnado	2,7	2,3	3
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,7	2,4	2,7
	Profesorado	3,3	2,6	2,9
	Alumnado	2,9	2,8	3,3

*Test CDD: Resumo dos datos obtidos no test de Competencias Dixitais Docentes, inclúense as táboas 1.3, 2.1, 2.2 e 2.3 do informe de centro.*



1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	<u>18</u>	<u>44</u>	<u>40.9</u>
<b>PROVISIONAL</b>	<u>4</u>	<u>6</u>	<u>66.7</u>
<b>INTERINO</b>	<u>5</u>	<u>16</u>	<u>31.3</u>
<b>SUBSTITUTO</b>	<u>1</u>	<u>7</u>	<u>14.3</u>
<b>DESPRAZADO</b>	=	=	=

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>78.2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76.4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	<u>71,7</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>79,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
BAC	<u>67</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77,9</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
FP	<u>78,5</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>80,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
ESO Adult.	<u>91</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>75,9</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>0</u>	<u>0%</u>
A2	<u>11</u>	<u>39,3%</u>
B1	<u>9</u>	<u>32,1%</u>
B2	<u>7</u>	<u>25%</u>
C1	<u>1</u>	<u>3,6%</u>
C2	<u>0</u>	<u>0%</u>
<b>TOTAL</b>	<b><u>28</u></b>	<b><u>100,00%</u></b>

## 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Dispositivos dixitais para a aprendizaxe	Espazos físicos (necesidade dunha aula de informática e un espazo físico o virtual para a formación do profesorado) Dispoñer de dispositivo propio
	PERSOAL DOCENTE	Novas modalidades de ensino Participación no DPC Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe Recursos educativos abertos Comunicación coa comunidade educativa Implicación do alumnado	Tempo para explorar o ensino dixital Debate sobre o uso da tecnoloxía Proxectos interdisciplinares Autorreflexión sobre a aprendizaxe
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Dispositivos dixitais para a aprendizaxe Habilidades para a cualificación profesional	Resolver problemas técnicos
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Asistencia técnica	Desenvolvemento da estratexia co profesorado

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Dotación de equipamento tecnolóxico Oferta de actividades formativas e as condicións para a participación	Estabilidade laboral do persoal docente
	LEXISLACIÓN	Lexislación educativa	Lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo (LOPD)
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	Tecido empresarial en crecemento	Participación das empresas na estratexia Colaboracións

### 3. Plan de Acción

*O plan de acción debe ter en conta os recursos tanto humanos como materiais á hora de establecer os obxectivos. Aínda así, neste plan inclúense dous obxectivos que consideramos imprescindibles para mellorar a competencia dixital tanto de alumnado como do profesorado e que precisan investimento xa sexa por parte do Centro ou da administración que se recolle no apartado 3.2.*

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

*Os obxectivos escollidos para o Plan Dixital teñen en conta a análise DAFO. Por unha parte, tentando potenciar aqueles aspectos nos que se leva mellorando estes dous últimos cursos e por outra, aqueles outros que presentan maiores deficiencias. Nas táboas que se recollen a continuación indícanse tanto os obxectivos, as persoas responsables, as accións para acadalos, a súa temporización e o(s) indicador(es) para valorar a súa consecución.*

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

*O Centro precisa dispoñer de monitores interactivos en todas as aulas, para que o espazo asignado a unha materia non condicione a forma de impartila. Tamén é preciso un espazo reservado para a formación do profesorado, cos medios necesarios, xa que parece un método máis efectivo para a difusión do coñecemento entre o propio profesorado e a posta en práctica dese coñecemento despois na aula; a carencia endémica de espazo no centro, construído nos anos 80 do século pasado, aconsella a creación dun espazo dixital reservado dentro da aula virtual do centro. E por último, necesitaríase dispor un espazo maior que o actual para un aula polivalente para o uso dos dispositivos dixitais por parte do alumnado e con equipos actuais. E por iso, o centro solicitou a participación no programa educativo Polos Creativos.*

### Obxectivo 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Organización do Centro							
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Desenvolver a estratexia dixital co profesorado				Acadado		
<b>RESPONSABLE:</b>	Responsable TICs				Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de profesorado implicado						
<b>Valor de partida</b>	0						
<b>Valor previsto e data</b>	25% de todo o claustro			Maio 2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Creación dun grupo de traballo	Equipo directivo	07 outubro 2022	Convocatoria			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Información e determinación das accións	Grupo de traballo	16 decembro 2022	Actas das reunións			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.3: Formación (actividades formativas)	Grupo de traballo	19 maio 2023	Equipamento informático			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

### Obxectivo 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Persoal docente						
OBXECTIVO 2:	Debater sobre o uso da tecnoloxía				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de debates durante o curso 2022-23					
Valor de partida	0					
Valor previsto e data	3			30 xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO
AO2.1: Informar no claustro de inicio de curso	Equipo directivo	30 setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Organizar calendario reunións/debates	Equipo Plan Dixital	31 outubro 2022	Acta reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Reunión balance.	Equipo Plan Dixital	30 xuño 2023	Actas reunións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Obxectivo 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Personal docente						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Implicar o alumnado na creación de contidos dixitais propios				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Titorías e coordinador/a do Plan Dixital				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Recursos multimedia realizadas polo alumnado					
<b>Valor de partida</b>	0					
<b>Valor previsto e data</b>	3 tarefas/grupo			20 xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A03.1: Informar os titores/as</b>	Coordinador/a do Plan Dixital	30 setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.2: Informar e formar o claustro</b>	Equipo Plan Dixital	20 decembro 2022	Plataforma online de presentacións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.3: Realizar tarefas con diferentes apps</b>	Todo o claustro	20 xuño 2023	Teléfonos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Obxectivo 4: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Persoal docente						
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Levar a cabo proxectos interdisciplinares				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefaturas de departamento				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de proxectos interdisciplinares					
<b>Valor de partida</b>	0					
<b>Valor previsto e data</b>	3			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1: Información do obxectivo a través das xefaturas de departamento	Equipo directivo (CCP)	07 outubro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Pescudar outros proxectos e convocatorias de concursos.	Xefaturas de departamento e Equipo Plan Dixital	20 xaneiro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Organizar e participar en proxectos	Xefaturas de departamento	20 xuño 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



### Obxectivo 5: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Infraestruturas						
<b>OBXECTIVO 5:</b>	Utilizar dispositivos dixitais dispoñibles no Centro				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	% de equipos dispoñibles					
<b>Valor de partida</b>	0%					
<b>Valor previsto e data</b>	100%			30 setembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A05.1: Determinar ubicación dos equipos e condicións de préstamo</b>	Equipo directivo	8 setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A05.2: Xestión do préstamo</b>	Persoa coordinadora de TICS	30 setembro 2022	Ficha préstamo (app. móvil)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Obxectivo 6: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Liderado (A)						
<b>OBXECTIVO 6:</b>	Promover a comunicación entre o profesorado e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro (A2*)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	% de equipos disponibles					
<b>Valor de partida</b>	0%					
<b>Valor previsto e data</b>	100%			20 xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Crear un grupo de traballo encargado da formación e da mentorización sobre o programa AbalarPro	Equipo directivo	1 outubro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Fomentar a titorización entre iguais para formar as persoas titoras na ferramenta AbalarPro	Profesorado do grupo de traballo	2 decembro 2022	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Potenciar o uso de AbalarPro mediante o envío de notificacións periódicas	Persoas titoras	20 xuño 2023	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(\*A2 : Desenvolvemento da estratexia co profesorado)

### Obxectivo 7: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Competencias dixitais do alumnado (H)						
<b>OBXECTIVO 7:</b>	Traballar aspectos de respecto á autoría de contidos dixitais: dereitos de autor, <i>copyright</i> , licenzas <i>creative commons</i>				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador Plan Dixital				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de traballos nos que se respecten os dereitos de autoría					
<b>Valor de partida</b>	0%					
<b>Valor previsto e data</b>	50% dos traballos entregados polo alumnado			30 xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A07.1: Crear un vídeo tutorial para alumnado e profesorado</b>	Responsable da Coordinación do Plan Dixital / Responsable do PFPP ferramentas dixitais	15 outubro 2022	Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A07.2: Formar ao alumnado no uso legal das TIC</b>	Profesorado TIC	10 decembro 2022	Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A07.3: Confeccionar un cuestionario (<i>check-list</i>) ou estatística de resultados</b>	Responsable da Coordinación do Plan Dixital	30 xuño 2023	Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Obxectivo 8: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Colaboración e redes(B)						
OBXECTIVO 8:	Aumentar o emprego da AV do centro para o debate entre o profesorado (B2*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de participación do profesorado no foro de comunicación na AV (Instrumento: Rexistro da actividade do foro)					
Valor de partida	0% de participación do profesorado no foro de comunicación e debate no curso 22/23					
Valor previsto e data	60% de participación do profesorado nalgún foro			30 xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A08.1: Formar o profesorado nos rudimentos básicos de emprego dos foros da AV do centro	Persoa coordinadora TIC	1 outubro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.2: Crear o curso "Comunicación interna" cun foro	Persoa coordinadora TIC	1 outubro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.3: Dinamizar a participación no foro	Dirección e Persoa coordinadora TIC	30 xuño 2023	Curso creado na aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(\*B2: Debate sobre o uso da tecnoloxía)

### Obxectivo 9: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Pedagogía:Apoios e recursos(E)						
OBXECTIVO 9:	Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado(E3*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	N.º de actividades levadas a cabo co alumnado na AV do centro por docente implicado (Instrumento de medida: enquisa aos docentes implicados)					
Valor de partida	10-20% do alumnado					
Valor previsto e data	60-70%			30 xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A09.1: Crear os cursos e matricular o profesorado e alumnado na AV do centro	Persoa coordinadora TIC	2 decembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A09.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro	Profesorado da materia	31 marzo 2023	Actividades creadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A09.3: Traballar co alumnado nas actividades creadas	Profesorado da materia	30 xuño 2023	Actividades publicadas na aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(\*E3: Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe)

<b>“Área/s de mellora”: Pedagogía:Implementación na aula (F)</b>						
<b>OBXECTIVO 10:</b>	<b>Adaptar actividades de aprendizaxe dixitais ás necesidades do alumnado de incorporación tardía(F1*)</b>				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Departamento de orientación				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de actividades adaptadas por materia ao remate do mes de incorporación ao centro do alumno/a (Instrumento de medida: enquisa ao profesorado das materias implicadas)					
<b>Valor de partida</b>	Non aplica (sen datos previos)					
<b>Valor previsto e data</b>	Actividades adaptadas en todas as materias implicadas			Un mes despois da incorporación do/a alumno/a		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO10.1: Convocar reunión do dep. de orientación para a selección das competencias nas que se fará adaptación e as materias implicadas</b>	Persoa orientadora	Na semana de incorporación do alumno/a ao centro	Expediente do alumno/a e outros informes individualizados.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO10.2: Convocar reunión do departamento de orientación co equipo docente para a selección de actividades ou contidos a adaptar</b>	Xefatura de estudos	Semana seguinte á incorporación do alumno/a ao centro	Competencias seleccionadas na reunión anterior. Programacións das materias		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO10.3: Adaptar os contidos ás necesidades</b>	Profesorado da materia e responsable da aula virtual	Dúas semanas despois da reunión previa da AO11.2	Software específico para a adaptación, de ser o caso (Posibilidade de formación específica)		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO10.4: Implementar as adaptacións na aula virtual</b>	Profesorado da materia e responsable da aula virtual	Dúas semanas despois da reunión previa da AO11.2	Contidos/actividades adaptadas creados		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	

de cada materia					Pendente
-----------------	--	--	--	--	----------

### Obxectivo 11: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

#### “Área/s de mellora”: PRÁCTICAS DE AVALIACION (G)

<b>OBXECTIVO 11:</b>	<b>Empregar os foros na aula virtual como instrumento de avaliación e co-avaliación(G7*)</b>	Acadado
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de estudos	Non acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de cursos na aula virtual onde se implementan foros para expoñer e comentar o traballo do alumnado (Instrumento: cuestionario)	
<b>Valor de partida</b>	0 % dos cursos da aula virtual	
<b>Valor previsto e data</b>	40 % dos cursos da aula virtual	2 decembro 2023

#### ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
<b>AO11.1: Formar o profesorado no uso dos recursos que ofrece Moodle para avaliación e coavaliación</b>	Persoa coordinadora TIC	30 setembro 2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente
<b>AO11.2: Formar o alumnado no uso dos foros e o comportamento responsable na publicación de comentarios</b>	Profesorado das diferentes materias	31 outubro 2022	Cursos de cada materia na AV		Realizada
					Aprazada
					Pendente
<b>AO11.3: Preparar o alumnado en prácticas de coavaliación, mediante rúbricas.</b>	Profesorado das diferentes materias	30 xaneiro 2023	Cursos de cada materia na AV		Realizada
					Aprazada
					Pendente

(\*G7: Comentarios a outros alumnos sobre o seu traballo)

## 4. Avaliación do plan

*Avaliación procesual.*

*Trimestralmente, o equipo de dinamización do Plan Dixital cooperará coa persoa coordinadora do mesmo para determinar o estado de cumprimento das actuacións determinadas nos obxectivos do plan, o estado da execución das actuacións e a análise e valoración dos resultados, así como para considerar posibles modificacións das actuacións e as propostas de mellora.*

*Avaliación final.*

*Ao final do curso 2022-2023, o coordinador do equipo do Plan Dixital elaborará, a partir da valoración sumativa da análise parcial trimestral e a concreción final dos resultados obtidos, a memoria na que se determine o grao de cumprimento dos obxectivos do plan, a valoración do logro dos mesmos a partir da situación inicial e, no seu caso, as propostas de mellora do plan, que serán introducidas no curso ou cursos seguintes.*

## 5. Difusión do plan

*O Plan Dixital do IES Escolas Proval gozará da consideración de documento básico para a implementación da estratexia de desenvolvemento das TIC's no ámbito da comunidade educativa. A tal fin, é imprescindible dotalo dos mecanismos de publicitación, para o seu coñecemento xeral.*

*Neste sentido, unha vez rematado polo equipo docente o plan, e seguindo o punto terceiro da Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 (Terceiro. Procedemento de deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital: (.....) 5.2. No último trimestre do curso 2021-2022, o Plan Dixital será aprobado polo Consello Escolar, unha vez oído o claustro), o documento será presentado ao claustro na sesión final de curso e sometido á súa aprobación por parte do Consello Escolar.*

*Unha vez aprobado o Plan Dixital de Centro do IES Escolas Proval, e unha vez trasladado ao Servizo de Inspección Educativa para a súa conformidade, seguirase o seguinte protocolo de publicidade ante a comunidade educativa:*

- 1.- Publicación, na páxina web do centro, dentro dun apartado específico.*
- 2.- Comunicación, a través de Abalar, da publicación do Plan Dixital, incluíndo a ligazón de acceso ao documento.*